



DATOS IDENTIFICATIVOS

Comunicación: Lingua galega

Materia	Comunicación: Lingua galega			
Código	V51G110V01201			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Formación de Profesorado de E.X.B. (Vigo)			
Coordinador/a	Caíño Carballo, Ana			
Profesorado	Caíño Carballo, Ana			
Correo-e	ana.cainocarballo@ceu.es			
Web	http://https://www.escolamagisterioceuvigo.es/			
Descrición xeral	<p>A especialidade de Grao en Educación Infantil esixe que o futuro docente posúa, ademais dunha ampla formación en aspectos psicopedagóxicos, un dominio cabal da ferramenta básica e imprescindible na comunicación: a lingua. Tal competencia é condición sine qua non para a transmisión de coñecementos e para formar os discentes dun xeito integral. Tres son as destrezas que os profesores deben perfeccionar nas aulas para alcanzar os obxectivos inherentes á aprendizaxe desta materia: a capacidade lectora (comprensión, ritmo, dicción), a expresión oral (corrección, claridade, fluidez) e a expresión escrita (corrección, cohesión, propiedade).</p> <p>O futuro mestre de Educación Infantil deberá, polo tanto, adquirir un nivel adecuado de lingua galega que lle permita o dominio das destrezas arriba sinaladas (lectura expresiva, expresión oral e expresión escrita) para levar a cabo unha tripla tarefa: utilizar a lingua galega como lingua normal no ensino, servir de modelo de corrección lingüística aos seus alumnos e detectar e corrixir os erros que estes poidan cometer na lingua oral e na escrita.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles.
C46	Comprender o paso da oralidade á escritura e coñecer os diferentes registros e usos da lingua.
C48	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
C50	Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D7	Resolución de problemas
D9	Traballo en equipo
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico

D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D17	Creatividade
D18	Lideranza

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación				D3 D11 D13 D14
Falar, ler e escribir correcta e axeitadamente en galego.			C46 C48 C50	D1 D2 D3 D12 D14 D17 D18
Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita para mellorar as competencias orais e escritas e, especialmente, para mellorar a redacción de textos académicos	A1 A2 A3 A4	B4	C46 C48	D1 D2 D3 D9 D14 D17 D18
Coñecer a fonética e a ortografía da lingua galega.	A1 A3 A4 A5	B4	C46	D3
Coñecer a gramática da lingua galega.	A1 A2 A3 A4 A5		C46	D1 D3 D13
Coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua galega.	A1 A2 A3		C46 C50	D3 D18
Comprender as regras de formación de palabras polas que a lingua galega enriquece o seu vocabulario por vía interna.	A2 A3 A4 A5		C46	D1 D3 D7
Coñecer e utilizar adecuadamente un léxico suficiente para expresarse con precisión na exposición oral e na redacción de textos.	A1 A2 A3 A4 A5		C46	D3 D7 D11 D12 D13 D15

Contidos

Tema	
FONÉTICA E ORTOGRAFÍA	O uso das grafías e o sistema fonético galego. A acentuación gráfica. Palabras de ortografía dubidosa. Os signos de puntuación.
MORFOSINTAXE	Substantivo e adxectivo. Artigo. Pronome persoal. Demostrativo. Posesivo. Indefinidos e numerais. Relativos, interrogativos e exclamativos. O adverbio. O verbo. O infinitivo conxugado. As perífrases verbais. Os elementos de relación: preposicións e conxuncións. A sintaxe oracional. Concordancia nominal e correlación verbal. A construción da oración.

LÉXICO E FORMACIÓN DE PALABRAS.

Palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos.
 Grupos consonánticos.
 Sufijos e terminacións.
 Familias léxicas irregulares.
 Interferencias léxicas. Neoloxismos.
 Procesos de formación de palabras e morfoloxía léxica.
 Derivación: prefixación e sufixación.
 Parasíntese.
 Composición.
 Outros procedementos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	24	48	72
Resolución de problemas	20	40	60
Traballo tutelado	5	10	15
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumando, así como a presentar a materia e o sistema de traballo. Avaliación inicial mediante un modelo de comentario.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, con especial atención á gramática do idioma.
Resolución de problemas	Actividades previstas para ser realizadas polo alumnado de maneira autónoma e fóra da aula que serán corrixiadas pola docente de xeito individual.
Traballo tutelado	Elaboración, de maneira individual, de textos escritos sobre unha temática concreta (estudo dialectolóxico e/ou análise de calquera aspecto relacionado co programa) que se especificará na aula para o cal o alumnado deberá procurar información, manexar bibliografía, redactar, etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou prácticas que o alumnado deberá desenvolver.
Traballo tutelado	Exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. O seu desenvolvemento pode estar vinculado a actividades autónomas do estudante.
Resolución de problemas	Nas clases prácticas corríxense os exercicios (iniciados na aula ou na casa tras o estudo da materia), e despois coméntanse as dúbidas que puidesen quedar. Cada novo exercicio recolle aspectos esenciais do tema recén tratado e aspectos varios dos temas anteriores para propiciar unha retroalimentación da aprendizaxe.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Resolución de problemas e/ou exercicios: Participación na preparación, realización e revisión dos exercicios de aplicación/profundización, de resolución de problemas ou de análises e comentarios (10%) Probas prácticas , de execución de tarefas reais e/ou simuladas: Avaliación das competencias adquiridas na aplicación práctica dos coñecementos teóricos (30%)	40	

Traballo tutelado	Elaboración dun ensaio e/ou exposición en que se dea conta dalgún aspecto concreto da materia, nos que se ofrezca a valoración sobre algunha cuestión; descriptor dun libro; análise dun texto desde o punto de vista das desviacións da lingua, nos que se terán en conta a estrutura, presentación, construción e corrección lingüística, emprego axeitado de signos de puntuación. Cada erro de ortografía, morfosintaxe ou de procedementos suporá a perda de 0,25 puntos.	20	C46 C48 C50	D1 D2 D3 D7 D11 D12 D13 D14 D15 D18
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame que será realizado na data oficial publicada na Secretaría do Centro. Cualificación mínima para superar a proba e facer a media co resto das actividades avaliadas: 2 puntos	40	C46 C48	D1 D2 D3 D7 D13 D14 D18

Outros comentarios sobre a Avaliación

O sistema de avaliación pretende facer ao alumnado participe do seu proceso de aprendizaxe. En liñas xerais procurárase unha **AVALIACIÓN CONTINUA** na que se terá en conta tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa participación activa e responsable no proceso de aprendizaxe e no seu resultado final. A cualificación final do sistema de avaliación continua será o resultado da suma das distintas notas obtidas das actividades realizadas, segundo as porcentaxes asignadas, tal como queda estipulado no cadro superior. Para aprobar a materia hai que superar os traballos e o exame. Mentres non se aprobe o exame non se sumarán as notas dos traballos tutelados e do traballo en clase. Aqueles alumnos que non aproben a materia na primeira convocatoria manteráselles a nota daqueles traballos/actividades superados, pero terán que realizar novamente o exame e os traballos/actividades non superados na segunda convocatoria.

AVALIACIÓN GLOBAL: Aquel alumnado que non asista a clase ou se ausente máis dun 20% do cómputo total das aulas impartidas (6 días, 12 horas) deberá acollerse ao sistema de avaliación global que se desenvolverá segundo o establecido nos artigos 19 e 21 do Regulamento sobre Avaliación, a Cualificación e a Calidade da Docencia e do Proceso de Ensino do Estudantado, aprobado polo Claustro da UVigo, o 18 de abril de 2023. Todo traballo copiado, plaxiado ou realizado pola IA será cualificado cun 0. Descontarase 0,25 puntos por cada erro ortográfico.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

FEIXÓ CID, X., **Gramática da lingua. Síntese práctica**, Xerais, 2004

FREIXEIRO MATO, X. R., **Gramática da lingua galega. I, II**, A Nosa Terra, 2002-2006

VVAA, **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego**, Real Academia Galega/Instituto da Lingua galega., 2005

Bibliografía Complementaria

Dosil López, B., **Manual de uso da lingua galega**, Xerais, 2021

DOSIL, B., **Escrita doada. Consellos para redactar ben**, Xerais, 2015

HERMIDA GULÍAS, C., **Gramática práctica**, Sotelo Blanco Edicións, 2004

MÉNDEZ ÁLVAREZ, M^a. X., **Ortografía da lingua galega**, Xerais, 2004

MUÑOZ SAA, B., **Claro e seguido. 1, 2, 3, 4.**, Xerais, 2004

PENA, X. R. e ROSALES, M., **Manual e exercicios de galego urxente**, Xerais, 2006

VV.AA., **Gramática práctica da lingua galega : comunicación e expresión**, Baía, 2018

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Didáctica da lingua e a literatura infantil/V51G110V01404

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Comunicación: Lingua española/V51G110V01101

Outros comentarios

Recoméndase:

- A asistencia continuada ás clases presenciais.
- A participación e a realización das tarefas prácticas que se propoñan.
- A dedicación responsábel e con rigor ao estudo da materia.
- O estudo continuado da materia.

- A lectura reflexiva, reparando no uso da linguaxe.
- A práctica da expresión oral para desenvolver a fluidez e corrección.

* O rendemento depende do estudo continuado da materia. É case imposible asimilar toda a materia mediante o estudo intensivo ao final do curso académico.

* Os alumnos, para a aprendizaxe significativa, deben realizar individualmente os exercicios que propón o profesor.

* É moi conveniente que as lecturas se fagan de forma reflexiva, reparando no uso da linguaxe.
